

## **NOTA DE PRENSA DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA SOBRE O ARQUIVO DA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA DE ELNOSA**

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente ven de arquivar a Solicitud de Autorización Ambiental Integrada presentada pola empresa ELNOSA. A empresa, para a que rematou o prazo de autorización de vertido concedido no ano 2002 por un período de catro anos estaba obrigada, unha vez terminado o mesmo a adaptarse a Lei de prevención e control integrado de la contaminación que a obriga a obter a citada Autorización Ambiental Integrada.

A empresa presentou esa solicitude a principios de ano para a súa tramitación durante a cal recibiu informes negativos, cando menos, do Concello de Pontevedra e da Consellería de Industria, tamén a Asociación pola defensa da Ría presentou alegacións á solicitude o 1 de xuño de 2006. Por fin, despois de analizar a documentación presentada, a Consellería de Medio Ambiente ten tomado a decisión de arquivar a solicitude da empresa que deste modo pasa a situarse nunha situación de absoluta ilegalidade ao carecer da autorización ambiental. ELNOSA debe deter canto antes a súa actividade e xa que esta non é posible nas marismas de Lourizán iniciar o desmantelamento das súas instalacións industriais para liberar no seu estado orixinal os terreos de dominio público marítimo terrestre que viña ocupando.

A APDR quere felicitar e felicita ás administracións que teñen participado na toma da decisión final por este importante acontecemento que inicia sen dúbida o fin da ocupación industrial das marismas de Lourizán que serán por fin devoltas ao dominio público. A desaparición da factoría de ELNOSA, é un paso máis nun camiño que se iniciou coa oposición popular ao complexo e que segue cara á desaparición das actividades industriais que, coa súa contaminación están a prexudicar gravemente á situación ambiental da Ría e a danar os recursos e a saúde dos cidadáns da bisbarra.

A Asociación pola defensa da Ría, advertía na súa alegación á solicitude de que, o disparatado dos planteamentos que aparecían na mesma, permitían deducir que a empresa era consciente de que a consecución da autorización era, á luz da propia lei de prevención e control integrado da contaminación, imposible, e que a falta de concreción da solicitude no relativo ao desmantelamento ao fin da actividade podería ocultar a intención da empresa de, unha vez denegada a mesma, abandonar as instalacións sen asumir o desmantelamento e descontaminación que devolva os terreos ao estado anterior á súa instalación. Ábrese agora un período non exento de riscos, o desmantelamento de calquera industria, máis dunha como ELNOSA que acumula unha grande cantidade de produtos altamente tóxicos e que carece de sistemas de depuración de vertidos e de tratamento de emisións gasosas, é unha fase onde o perigo de contaminación ou de vertido accidental aumenta e que debe ser meticulosamente planificada e controlada.

Dende a Asociación pola defensa da Ría solicitamos á administración que, canto antes, garantindo a seguridade para a poboación e o medio ambiente, proceda a paralizar a actividade de ELNOSA en Lourizán garantindo á reversión dos terreos de dominio público marítimo-terrestre no seu estado orixinal despois dun procedemento seguro de desmantelamento.

Pontevedra, 28 de setembro de 2006

Asociación pola defensa da Ría,

